

Asunto: Identificación dos postos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e entidades dependentes, cuxas funcións implican un contacto habitual con menores de idade, para a adaptación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Con data 9 de outubro de 2025 ten entrada no Servizo de Recursos Humanos e Réxime Interior desta consellería unha solicitude de remisión á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da identificación daqueles postos cuxas funcións impliquen un contacto habitual con menores de idade, con motivo da modificación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. A finalidade é esixir ás persoas que ocupen postos que funcionalmente garden relación con persoas menores de idade, a correspondente certificación negativa do "Registro Central de delincuentes sexuais".

Tras a consulta cos distintos centros directivos desta consellería, achegamos como anexo un libro de cálculo coa relación de postos afectados.

A xefa do Servizo de Recursos Humanos e Réxime Interior
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

Complexo Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781, Santiago de Compostela
T. 981 544232

